



Memoria económica e de transparencia do Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Monterrei para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro para a "Rehabilitación de edificación existente para ampliación de local social" dentro da categoría de Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.

Expediente: CNV26-12

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (*DOG* núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (*DOG* núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da





potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e conten coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia, no marco das súas competencias e accións estratéxicas, ven apoiando mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por concorrer nelas características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (<https://agader.xunta.gal/gl/axencia/transparencia-e-goberno-aberto/relevancia-xuridica/consello-de-direccion-de-agader>), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (<https://agader.xunta.gal/gl/axencia/transparencia-e-goberno-aberto/relevancia-xuridica/consello-de-direccion-de-agader>). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.





SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta.

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

A Axencia e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación da oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social:

O 15 de maio de 2025 o concello de Monterrei presentou unha solicitude de convenio a esta Axencia para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca. Xunto coa solicitude achegou o proxecto "Proxecto básico e de execución de rehabilitación de edificación existente para ampliación de local social", asinado polos arquitectos Dna Ana Belén Carrajo Iglesias e D José Ramón Giménez Aguirre.

O proxecto consiste na ampliación do local contiguo a un local social existente no lugar de A Caridade para uso e disfrute dos veciños ben para actividades diversas levadas a cabo pola poboación do contorno, como de almacén de enseres utilizados para actividades comúns da veciñanza.

Tendo en conta que se trata de dun espazo que se utiliza xa na actualidade como punto de encontro da poboación local e visitante, a reforma e ampliación do local actual contribuirá considerablemente a mellorar as relacións sociais da veciñanza e a calidade de vida dos seus habitantes.

- Singularidade e excepcionalidade:

A singularidade do proxecto presentado xustifícase porque a parte que se vai rehabilitar era un espazo destinado a antigo posto de venda na praza do Sagrado do lugar de A Caridade. É unha cuberta moi singular destinada á protección dos





veciños os días de mercado. Trátase dunha tipoloxía moi escasa en Galicia xa que os postos normalmente eran construcións temporais ou desmontables.

En conxunto, o proxecto contribúe de maneira directa á mellora dos servizos municipais básicos, á calidade e funcionalidade dos espazos públicos e á posta en valor da contorna patrimonial existente, reforzando a cohesión social nos núcleos rurais e resultando plenamente coherente cos obxectivos dun proxecto senlleiro, orientados á mellora da calidade de vida da poboación rural e á fixación de poboación no territorio.

Así mesmo, de acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, dada a necesidade de atender áreas específicas como a mellora da relación social dos veciños e dinamización da vida social da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo concello de Monterrei para a mellora de dous espazos públicos destaca por ser un proxecto onde se pretende levar a acabo actuacións para a reparación dun espazo necesario para seguir mantendo a conexión entre os territorios do rural e da poboación. Ademais debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través dun convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.- Categorias de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan.

O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.

Por outra parte, a actuación proposta cumpre o requisito c) previsto para a categoría C) da regra 3 do acordo do 20 de abril de 2022:

*C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.
Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:*





a. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer a necesidades da veciñanza.

TERCEIRO.- Financiamento

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Monterrei queren asinar un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto referenciado a continuación:

PROXECTO

- "Proxecto básico e de execución de rehabilitación de edificación existente para ampliación de local social".
- ORZAMENTO: Cento vinte mil euros (120.000,00 €)
- FINANCIAMENTO:

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	80%	96.000,00 €
Concello de Monterrei:	20%	24.000,00 €
TOTAL	100%	120.000,00 €

A contribución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 15.A1.712A.760.0 (Código proxecto 2017 00003. Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural), coa seguinte desagregación por anualidades:

Importe	2026	2027	TOTAL
	28.800,00 €	67.200,00 €	96.000,00 €

Para a execución das actuacións o concello de Monterrei achegará os importes que a continuación se detallan distribuídos nas seguintes anualidades:

Importe	2026	2027	TOTAL
	7.200,00 €	16.800,00	24.000,00 €

- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)





- Vixencia: O convenio estenderá a súa vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 1 de xuño de 2027.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade 2026 será o 15 de outubro de 2026, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2026.

Este prazo ampliarase de oficio e con carácter excepcional ata o 11 de decembro de 2026 sempre que o concello cumpra a condición de ter solicitado a concesión dun pagamento anticipado antes do 1 de setembro de 2026.

Para a anualidade 2027, o prazo límite para executar e xustificar os investimentos será o 1 de xuño de 2027. A esta xustificación poderán imputarse igualmente os gastos executados dende a finalización do prazo de xustificación correspondente á anualidade 2026.

- Orzamento xeral

REHABILITACIÓN EDIF EXIST PARA AMPLIACIÓN LOCAL SOCIAL

CAPITULO	RESUMEN	EUROS	%
01	ACTUACIONES PREVIAS Y DEMOLICIONES.....	5,357.08	6.43
02	MOVIMIENTO DE TIERRAS.....	940.63	1.13
03	CIMENTACIONES - SOLERAS - ESTRUCTURAS HORMIGÓN.....	3,572.49	4.29
04	ESTRUCTURA MADERA Y METÁLICA.....	8,844.16	10.61
05	CUBIERTA.....	20,123.06	24.15
06	CANTERIA.....	2,133.27	2.56
07	TRASDOSADOS.....	1,368.35	1.64
08	REVESTIMIENTOS HORIZONTALES Y VERTICALES.....	5,345.19	6.41
09	AISLAMIENTOS.....	2,001.06	2.40
10	CARPINTERIA Y VIDRIERIA.....	27,028.51	32.43
11	INSTALACION ELÉCTRICA.....	2,907.05	3.49
12	INSTALACION ILUMINACION.....	891.84	1.07
13	INSTALACION CALEFACCION.....	1,123.60	1.35
14	FONTANERIA Y SANEAMIENTO.....	718.83	0.86
15	INSTALACIONES DE PROTECCIÓN Y SEÑALIZACION.....	74.72	0.09
16	VARIOS.....	268.90	0.32
17	GESTION RESIDUOS.....	358.55	0.43
18	SEGURIDAD Y SALUD.....	281.83	0.34
TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL		83,339.12	
13.00 % Gastos generales.....		10,834.08	
6.00 % Beneficio industrial.....		5,000.35	
SUMA DE G.G. y B.I.		15,834.43	
21.00 % I.V.A.		20,826.45	
TOTAL PRESUPUESTO CONTRATA		120,000.00	
TOTAL PRESUPUESTO GENERAL		120,000.00	

Asciende el presupuesto general a la expresada cantidad de CIENTO VEINTE MIL EUROS

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.





Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes e autorizacións- preceptivas:

- Asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia
- Intervención xeral da Comunidade Autónoma
- Autorización do Consello da Xunta (art. 40.3 do Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 972007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para tramitar este convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000,00 € que deba concertar a Axencia para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Axencia, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral (apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da axencia do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 -DOG nº 148, do 5.8.2013-).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O que se propón para a súa tramitación

O subdirector de Planificación e Dinamización do Medio Rural
Bruno Fernández González.

Conforme coa proposta

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
M^a Paz Rodríguez Rivera

